



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE AGOSTO DE 2017

LICENZAS FAVORABLES

LIC/569/2017.- HAKAN OLOF CASARES BERG.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar Folgoso-Figueiras.

RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN

LIC/689/2015.- Rexeitar o recurso extraordinario de revisión do acordo da Xunta de Goberno Local do 07 de agosto de 2015 polo que se concedeu a licenza de recheo e acondicionamento de parcelas no lugar Vilacova a D. MANUEL FIGALGO ALDREY.

2.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Concédese a exención.

3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de exencións na taxa polo saneamento e depuración de augas residuais e na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores. Concédense as exencións.

4.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de bonificacións no imposto sobre bens inmobles de natureza urbana. Concédense as bonificacións.

5 a 18.- Propostas da concelleira delegada de economía e facenda relativas a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU- Plusvalía) e no imposto sobre actividades económicas (IAE). Concédense os beneficios fiscais.

19.- Proposta da Alcaldía relativa á aceptación da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a execución de diversas accións formativas dirixidas a persoas desempregadas, correspondentes á vía ordinaria de programación do exercicio 2017-2018. Acórdase aceptar a subvención por importe de 198.936 euros para a realización de 4 accións formativas dirixidas a persoas desempregadas. Estas accións son a organización de proxectos de instalación solar térmica, a montaxe e mantemento de instalación solar térmica, montaxe de redes de auga e operacións de fontanería.

20.- Proposta do concelleiro substituto de Desenvolvemento Económico relativa á aceptación de subvención da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización do obradoiro de emprego "ECOTUR XUVENIL III". Acórdase aceptar a subvención por un importe de 140.188,65 euros para levar a cabo o devandito programa. O Concello cofinanciarao por importe de 50.000 euros. Este programa permitirá realizar dúas actividades formativas cun total de 14 alumnos e alumnas que acondicionarán o Río Sar dende a Ponte Suarribas a Ponte da Ferverza.

21.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 11.xullo.2017, para a posta en marcha do programa integral "EMPREGO SANTIAGO VI,2017-2018". Apróbase solicitar a subvención á Consellería de Economía, emprego e Industria por importe de 136.000 euros para a posta en marcha deste programa. O Concello sufragará o 20% do proxecto por importe de 40.800 euros na anualidade de 2017 e un total de 11.011 para o exercicio de 2018.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal en funcións, relativa á solicitude de traspaso da caseta NC188 do Mercado de Abastos para dedicala á venda de peixe, marisco e derivados. Apróbase o traspaso da caseta NC188 da que é titular José Roberto Crespo a favor de Bartolomé Fernández.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal en funcións, relativa á transmisión da caseta da Praza de Abastos número NA/337 a favor de D. ABEL SÁNCHEZ MANTEIGA, por falecemento da súa dona Dna. M^a DEL PILAR BLANCO VILLAVERDE, titular legal da mesma. Apróbase a proposta.

24.- Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa á aprobación da instrución sobre contratación intelixente, responsable, integradora e sustentable. Apróbase a instrución relativa á contratación intelixente, responsable, integradora e sustentable (IRIS) para a efectiva aplicación de consideracións e tipo social, laboral, ambiental, de innovación, calidade e proximidade aos contratos do sector público que subscriba o Concello de Santiago.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á autorización do uso da vía pública para a colocación de colectores de roupa e calzado usados e outros téxtiles no termo municipal de Santiago de Compostela (reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción D.A. 5º do TRLCSP). Acórdase autorizar a colocación de 33 colectores de roupa e calzado usados e outros textíles á empresa de inserción laboral ARROUPA SANTIAGO EIL SL que compromete a realización dun total de 317 horas ao ano de actuacións de sensibilización ambiental.

26.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática en funcións relativa á adxudicación do contrato "servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela". Apróbase o contrato a favor da empresa FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO SL por un importe de 117.000 euros ao ano, IVE aparte.

27.- Proposta do concelleiro delegado de Deporte en funcións relativa á adxudicación do contrato "obra de reforma da cuberta e mellora da instalación de iluminación do Pavillón de Monte dos Postes". Acórdase adxudicar o contrato a favor de CYS HISPANIA SL por un importe de 120.036,99 euros, IVE aparte.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Informática en funcións relativa á adxudicación do contrato "servizo de mantemento e actualización do portal "orçamento aberto" do Concello de Santiago de Compostela". Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa FUNDACIÓN CIUDADANÍA CIVIO por un importe de 5.000 euros ao ano, IVE aparte.

29.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar Folgoso Figueiras. Acéptase a cesión de viario formalizada en escritura pública o 27 de xuño e outorgada ante Notario e acórdase conceder a Hakan Olof Casares a licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no lugar Folgoso, Figueiras.

30.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitar o recurso extraordinario de revisión presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 07 de agosto de 2015 polo que se concedeu a licenza de recheo e acondicionamento de parcelas no lugar Vilacova a D. MANUEL FIGALGO ALDREY. Rexéitase o recurso.

31.- Proposta da concelleira delegada substituta de Políticas Sociais, Diversidade , Saúde e Centros Cívicos relativa á subvención para inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. Anos 2017-2018. Acórdase a participación do Concello na convocatoria da Política Social para subvencións de programas desenvolvidos polas Corporacións Locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión solicitando a cantidade de 127.423,67 euros para o desenvolvemento de tres programas, un dirixido ao desenvolvemento integral do pobo xitano, outro á inclusión de colectivos en risco de exclusión e o último para a inclusión social dos menores a cargo.

32.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Selección da Operación Edusi: Plan Municipal de Igualdade. Acórdase seleccionar o proxecto do Plan Municipal de Igualdade a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación e sexa cofinanciada no marco do programa "Revive" EDUSI Santiago. O orzamento do Plan de Igualdade ascende a 100.000 euros, a razón de 25.000 anual ata 2020.

2.- Selección da Operación Edusi: Actualización do PMUS (Plan de Mobilidade Urbana Sostible). Acórdase seleccionar o proxecto de actualización do Plan de Mobilidade Urbana Sostible a efectos de que sexa tramitada a súa aprobación e sexa cofinanciada no marco do programa "Revive" EDUSI Santiago. Este plan ten un orzamento de 200.000 euros, 150.000 para 2017 e 50.000 para a anualidade do 2018.